

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024781	IES do Barral	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

A materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da Economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. A empresa é un axente esencial da actividade económica, que está presente de forma cotiá nos medios de comunicación, e forma parte da vida dunha grande maioría dos fogares.

O coñecemento da empresa constitúe un paso esencial para entender o funcionamento global de Economía. A materia pretende a reflexión sobre como responden as empresas aos desafíos actuais que se lles presentan, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación.

Esta materia de modalidade está integrada no segundo curso do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, e pretende, por unha banda, o coñecemento da empresa como axente fundamental no desenvolvemento económico, tendo en conta os valores propios da responsabilidade social corporativa e, pola outra, o fomento dunha cultura empresarial onde o alumnado medre en creatividade e espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e toma de decisións fundamentadas que permitan deseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.

O Decreto 157/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en 4 bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos:

1. A empresa e a súa contorna: que se centra en coñecer a orixe dun proxecto empresarial nunha contorna cambiante e a importancia da innovación como factor clave de supervivencia.
2. O modelo de negocio e de xestión: analiza as diferentes áreas funcionais da empresa que constitúen a base de calquera modelo de negocio.
3. Ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión: ofrécelle ao alumnado exemplos actuais de modelos de negocio inspiradores para novas propostas e as ferramentas creativas e innovadoras que poden ser aplicadas nas diferentes fases do proceso.
4. Estratexia empresarial e métodos de análise da realidade empresarial: estudo de casos e simulación: está realcionado coas ferramentas que permiten analizar a viabilidade do proxecto.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º de Bacharelato do IES do Barral que cursa a materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio. A clase na cal se impartirá esta materia está formada por 27 estudantes. Trátase dun grupo que estuda bacharelato de ciencias sociais e humanidades. A economía da empresa tamén é unha saída interesante en canto á continuación de estudos refírese. ADE é unha carreira relacionada con esta materia e exporase este feito ao comezo de curso, pois é unha carreira con boa saída laboral e tamén con varias prazas dispoñibles na universidade máis próxima (a Universidade de Vigo).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.	2			2-5	12-40	1	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.	2-3		4	1	20-50	4	1	
OBX3 - Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propoñendo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuír ao benestar económico e social.	2-3		2-4		40	3	1	
OBX4 - Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.	1-3	1-2		3	40		2	
OBX5 - Realizar a análise previsual do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.				2-3	11-50		1-2-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A economía e a empresa.	Concepto de empresa: elementos, funcións e obxectivos. Clasificación de empresas. Localización e dimensión. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. Características das principais formas xurídicas.	9	12	X		
2	O emprendemento.	Características da persoa emprendedora e perfís. Dificultades no emprendemento: muller e inclusión. A visión do empresario e empresaria. Características organizativas e funcionais da empresa.	9	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O emprendemento.	A contorna da empresa. Análise do micro e macro entorno. Responsabilidade social corporativa.	9	10	X		
3	A dixitalización e os novos modelos de negocio.	Dixitalización e novas tecnoloxías. A cuarta revolución industrial. O modelo de negocio e patróns no modelo de negocio.	6	8	X		
4	A innovación nos modelos de negocio.	A innovación na empresa. Estratexias de innovación. Ferramentas para innovar nos modelos de negocio e a súa xestión.	6	8	X		
5	O plan de negocio e a estrutura do plan de empresa.	A estrutura do plan de negocio. A presentación do plan de negocio. Desenvolvemento dun plan de negocio en grupos.	20	18	X	X	X
6	A actividade comercial e de marketing	Análise do consumidor. Segmentación, canal e interacción con el cliente. Evolución de su poder de decisión. Estratexias do marketing mix.	7	10		X	
7	A función productiva da empresa	O proceso de produción. Asignación de recursos produtivos. Factores determinantes da produtividade e da eficiencia. Custos de produción. Limiar de rentabilidade. Alianzas estratéxicas para a produción.	9	12		X	
8	A xestión dos recursos humanos.	Selección de persoal. Marco legal das relacións laborais. A formación dos RRHH, funcionamento dos equipos de traballo. Política de igualdade e inclusión.	9	8		X	
9	A función financeira e de investimento.	Concepto de investimento e tipos. Elementos dun proxecto de investimento. Valoración e selección de proxectos de investimento.  Fontes de financiamento propias e alleas. Os ciclos na empresa.	7	10			X
10	O patrimonio e as contas anuais	O patrimonio da empresa. Masas e elementos patrimoniais. As contas anuais e a imaxe fiel. Elaboración. Fiscalidade empresarial. Obrigas contables.	9	12			X
11	A situación financeira da empresa. Análise e interpretación da información contable.	Estudio dos estados contables: análise patrimonial, financeiro e económico.	9	8			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A economía e a empresa.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Recoñecer o papel da empresa e o empresario na sociedade.	PE	100
CA1.4 - Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exigencias de capital.	Analizar, en supostos prácticos, os distintos criterios de clasificación de empresas. Identificar a forma xurídica máis apropiada dadas ás características da empresa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial.

UD	Título da UD	Duración
2	O emprendemento.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas aos cambios do contexto e ás exigencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	Valorar a transcendencia futura das decisións de localización e dimensión adoptadas polas empresas.	PE	100
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	Identificar os elementos dunha análise DAFO. Identificar os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa. Identificar estratexias de crecemento e o impacto na contorna.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Deseñar un modelo de negocio dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O empresario ou a empresa. Perfís.</li> <li>- O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento.</li> <li>- O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	A dixitalización e os novos modelos de negocio.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Comprender o concepto de modelo de negocio comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	PE	100
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, organización, xestión e control.		
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exixencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exixencias do mercado.		
CA3.2 - Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	Coñecer algunhas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empresa e modelo de negocio.</li> <li>- O lenzo de modelo de negocio e de xestión: concepto, áreas, bloques, utilidade e padróns de modelos de negocio.</li> <li>- A competencia e os nichos de mercado.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio.

UD	Título da UD	Duración
4	A innovación nos modelos de negocio.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Recoñecendo o poder de transformación que exercen as empresas na sociedade e reflexionar sobre o valor da innovación e a dixitalización.	PE	100
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial.		
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Comprender o concepto de modelo de negocio, dende os máis tradicionais aos máis innovadores.		
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, organización, xestión e control.		
CA3.3 - Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida, tanto no ámbito interno como externo da empresa, aplicando estratexias e novas fórmulas comunicativas.	Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida.		
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.		
CA3.5 - Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio, despertando o interese e cativando os demais coa proposta de valor presentada.	Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.</li> <li>- Empresa e modelo de negocio.</li> <li>- O punto de vista dos clientes: mapa de empatía.</li> <li>- A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio.</li> <li>- As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación.</li> <li>- O prototipado: concepto e utilidade. Posibilidades de prototipado: bens, servizos e aplicacións.</li> <li>- As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Metodoloxía: narración de historias ou storytelling e o discurso no ascensor ou elevator pitch. Outras metodoloxías.</li> <li>- Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión.</li> <li>- A protección da idea, do produto e da marca.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	O plan de negocio e a estrutura do plan de empresa.	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia.	TI	100
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade.		
CA4.3 - Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando as decisións tomadas.	Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando mínimamente as decisións tomadas.		
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa.		
CA4.5 - Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas.</li> <li>- A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.</li> <li>- A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil.</li> <li>- A protección da idea, do produto e da marca.</li> <li>- A toma de decisións. Estratexias. Simulación en folla de cálculo. Redacción dun plan de negocios básico.</li> <li>- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A actividade comercial e de marketing	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Analizar as características do mercado, Explicar a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio.	PE	100
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing.</li> <li>- A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A función productiva da empresa	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade.	PE	100
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estructura de custos: clasificación e cálculo de custos. - A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	A xestión dos recursos humanos.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A xestión dos recursos humanos. Formación e funcionamento de equipos áxiles. Habilidades que demanda o mercado de traballo. A contratación e as relacións laborais da empresa. As políticas de igualdade e de inclusión nas empresas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	A función financeira e de investimento.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	Tomar decisións sobre investimento e financiamento da empresa. Aplicar os métodos de selección de investimentos e recoñecer as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A función financeira. Estructura económica e financeira. Investimento. Valoración e selección de investimentos. Recursos financeiros. Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	O patrimonio e as contas anuais	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financiera da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Elaborar as contas anuais da empresa e recoñecer os tributos básicos que afectan ás empresas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.
- Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	A situación financeira da empresa. Análise e interpretación da información contable.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando algunhas posibles solucións aos desequilibrios atopados.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

A metodoloxía, en bacharelato, debe facilitar o traballo autónomo do alumnado, potenciar técnicas de investigación e aplicar o aprendido á vida real. Para iso procúrase a actividade dos alumnos. Na clase desenvolverase a seguinte gama de dinámicas, segundo sexa o momento da aprendizaxe:

Método expositivo para transmitir as ideas básicas do temario e activar o proceso cognitivo no estudante. Ao comezo do tema expoñemos o que se vai a tratar no mesmo e móstrase un exemplo pero ao que o alumno aínda non é capaz de dar resposta. Por iso, o profesor é quen debe desenvolver o contido e facilitar a aprendizaxe dos alumnos mediante, primeiramente, un método expositivo que sexa claro, conciso e conecte cos coñecementos previos do alumno. Tamén se usa este método para sintetizar as ideas básicas, concluíndo a unidade. Aínda sendo un método expositivo, o ambiente será participativo, xurdindo preguntas por parte de alumnos e procurando unha relación recíproca, flexible e amena. Esta etapa pode ser impartida presencial ou telematicamente, dependendo das circunstancias sanitarias e da modalidade do curso.

Antes deberemos saber o nivel de desenvolvemento dos alumnos, promover a súa autonomía e xerar un clima de aceptación mutua na clase xa que os compañeiros/as xogan un papel determinante no proceso de aprendizaxe. A dinámica metodolóxica será flexible en canto á consecución destes aspectos clave.

Unha vez transmitidos os contidos básicos será o alumno/a quen deba afianzalos e facelos significativos, logrando entender e relacionar plenamente os conceptos. Para isto, o mellor será un método de estudo de casos analizando casos/problemas reais ou simulados. Partindo das ideas previamente transmitidas polo profesor e o material de apoio, o alumnado debe ser capaz de aplicalo a casos cada vez máis complexos. Isto desenvolverase, primeiramente, de forma individual para obrigar ao alumno a repasar contidos e fomentar o seu estudo. Pode ser na aula ou na casa, en función do desenvolvemento e tempo das clases. Seguidamente, os alumnos expoñen os seus resultados en grupos medianos de forma colaborativa. No grupo compártense opinións e afianzan coñecementos. Ao mesmo tempo o profesor estará dispoñible para calquera dúbida que xurda e acabará cedendo a palabra a un dos grupos que teña a solución adecuada.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 157/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.

- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Aula de informática.
Biblioteca.
Libro de texto Mc Graw Hill
Actividades complementarias.
Proxector e ordenador de aula con internet

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxeria), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio ....).

O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento do traballo colaborativo que farán ao longo do curso. Tamén a biblioteca coma fonte de recursos e espazo de traballo conxunto.

O libro de texto e apuntamentos serán a base dos contidos que posteriormente serán avaliados. Tamén todas as actividades complementarias que se desempeñen na aula ou que se envíen para facer fóra dela.

O proxector servirá de apoio visual durante as explicacións e tamén para amosar diversos resultados de tarefas prácticas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	9	9	6	6	20	7	9	9	7	9
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	0	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	100	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	<b>20</b>

### **Criterios de cualificación:**

Cualificación de cada avaliación parcial:

Calcularase como media ponderada das cualificacións das unidades didácticas determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos. A continuación detállase:

- O 80% será da nota das probas escritas calculada como a media ponderada destas probas.
- O 20% restante será pola realización de tarefas de seguimento, traballo en grupo e entrega do proxecto, así coma a exposición, no seu caso. Concretamente:
  - 5% pola realización e entrega das tarefas de seguimento.
  - 5% cualifica a disposición do traballo en grupo na aula e/ou o dominio individual do tema durante a exposición, medible mediante rúbrica.
  - 10% aplícase á entrega individual de cada persoa ao proxecto da materia, que ten continuidade dende o inicio ata o final de curso.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 7.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cualificación avaliación ordinaria:

Calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo. Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo vaise a facer en función da nota acadada na exposición final da materia e do seguinte modo:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 e a exposición tivese unha nota igual ou superior a 7 de 10.
- Ao enteiro inferior máis próximo en calquera outro caso.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supera algunha avaliación parcial, será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Esta recuperación realízase despois de cada avaliación, existindo un total de 3 recuperacións ao longo do curso. Na última, en maio, o estudante pode e debe realizar tantas probas coma avaliacións teña suspensas (e non unha única proba). A nota máxima que o estudante pode acadar con cada unha destas probas escritas é o 80% xa que o restante 20% ven da nota de tarefas de clase e diarias. Esta nota permanece constante para a súa respectiva avaliación e súmase á nota do exame ou posterior recuperación.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais superadas, unha vez estén feitas as probas de recuperación.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación mínima de 5.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

**Ordinarias.** Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do modelo universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

**Extraordinarias.** Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento. En calquera caso estas medidas deberán ser previamente consensuadas co departamento de orientación e co resto de profesorado do grupo. Serán sempre medidas ben consensuadas e adecuadas á modelidade educativa e curso no que se atope o estudante.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixida a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. .

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Creatividade.	X	X	X	X	X			
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X			
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X			X			
ET.7 - A igualdade de xénero.		X	X	X	X	X		X
ET.8 - Democracia e traballo colaborativo e xusto	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.4 - Creatividade.			
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.			
ET.6 - Educación emocional e en valores.		X	
ET.7 - A igualdade de xénero.			
ET.8 - Democracia e traballo colaborativo e xusto	X	X	X

**Observacións:**

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a Cámara de Comercio de Vigo	Co fin de coñecer a labor deste organismo e as facilidades que ofrece ao emprendemento.		X	
Startup Congress Galicia	Sempre que permita a nosa participación, axdará a que o alumnado teña unha visión innovadora sobre o tecido empresarial galego			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación de tempos, seguimento dos aspectos legislativos.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Metodoloxía empregada
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Medidas de atención á diversidade
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.

Clima de traballo na aula
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Propón ao final unha avaliación do profesor por parte dos estudantes.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.
Outros
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.

### Descrición:

O proceso de ensino e práctica docente necesitará ser revisado constantemente. Esta labor vaise facer trimestralmente mediante a análise de resultados (porcentaxe de aprobados e suspensos), coa aportación dos estudantes e familia, así como coas achegas doutros profesores e departamentos (ideas que vaian xurdindo durante o curso académico). Namentres, ao final do curso será necesario un procedemento máis exhaustivo e obxectivo que consistirá en cubrir unha rúbrica que recolla os indicadores de logro especificados neste apartado.

Rúbrica a seguir, que especifica o nivel de logro dos apartados mostrados:

1. Adecuación de tempos, seguimento dos aspectos lexislativos.

OPCIÓNS:

- A temporalización foi case sempre correcta. Os estándares, obxectivos e contidos combínanse á perfección.
- A temporalización foi en xeral correcta. Os estándares, obxectivos e contidos presentan discrepancias.
- A temporalización non seguiu o ritmo pautado e abandonáronse os aspectos lexislativos.

2. Consegúronse os obxectivos (porcentaxe de aprobados).

OPCIÓNS:

- O 90% ou máis dos estudantes conseguírono.
- Entre o 60-90% dos estudantes conseguírono.
- Menos do 60% da clase conseguiu os obxectivos.

3. Coordinación docente co resto de profesores.

OPCIÓNS:

- Existiu coordinación docente, intercambiáronse materiais ou actividades de forma xeral.
- Existiu coordinación docente, intercambiáronse materiais ou actividades nalgunha ocasión
- Non existiu coordinación algunha e algúns contidos foron repetidos ou duplicados.

4. Aplicación medidas NEE, ACIS, ACNEAE, repetidores)

OPCIÓNS:

- Implantáronse actividades de detección e seguimento. Aplicáronse as medidas programadas.
- Implantáronse algunhas actividades de detección e seguimento destes casos.
- Non se implantaron actividades de detección e seguimento destes casos.

5. Avaliación do profesor por parte dos estudantes.

OPCIÓNS:

- Ofreceuse a enquisa de fin de curso. Os resultados foron satisfactorios e recolléronse medidas de mellora.
- Ofreceuse a enquisa de fin de curso. Os resultados foron pouco satisfactorios pero recolléronse moitos campos de mellora.
- Non se realizou a enquisa de final de curso aos estudantes e non se aprecian áreas de mellora.

6. Observacións e propostas de mellora.

Texto libre.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## **9. Outros apartados**